



BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, CON CARÁCTER TEMPORAL, DUNHA PERSOA PARA O POSTO DE TÉCNICO/A AUXILIAR DE IMAXE E SON

A Axencia Galega das Industrias Culturais solicitou a cobertura temporal para prover unha praza para o posto de técnico/a auxiliar de imaxe e son, grupo III, categoría 94, código de posto ED.A11.00.005.15770.059, consonte ao sistema de listas actualmente vixente para estes efectos, mediante solicitude co código 97091 e data 09.02.2026.

Con data 16.02.2026 recíbese a autorización conxunta para a cobertura temporal da praza anteriormente nomeada polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo. Porén, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal comunicou, mediante escrito do 19.02.2026, que non existen integrantes das listas para a cobertura do citado posto, polo que neste suposto debe procederse de acordo co disposto no artigo 7.5.b) 1.2 do V Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia.

Esta circunstancia posibilita a confección dunha lista de substitucións conformada polas persoas aspirantes que, cumprindo todos os requisitos, non obteñan a praza.

A Axencia Galega das Industrias Culturais, no exercicio das competencias atribuídas polo seu estatuto aprobado polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo, acorda publicar as seguintes bases, logo de ser aprobadas polo tribunal nomeado para o efecto, para a selección dunha persoa técnica auxiliar en imaxe e son mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade.

1. Normas xerais

- 1.1. Convócase, ao abeiro do artigo 7.5.b) do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o proceso selectivo para a contratación de persoal laboral para a cobertura do posto de técnico/a auxiliar de imaxe e





son, grupo III, categoría 94, código ED.A11.00.005.15770.059 dependente da Agadic.

As retribucións serán as establecidas nos artigos 25 e 26 do mencionado V Convenio colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, de acordo coas correspondentes actualizacións determinadas pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2. O procedemento de selección será o de concurso de méritos, para o que se aplicará:

1.2.1 Baremo recollido no artigo 7.5.b) do V Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia no seu anexo III e que se acompaña como anexo I da presente convocatoria.

1.2.2 Formación regrada especializada: As persoas candidatas poderán acadar puntuación específica, e complementaria do punto 1.2.1, exceptuando a titulación esixida para a participación no proceso (punto 2.1.5 destas bases), pola posesión dalgunha das seguintes titulacións conforme á normativa vixente e atendendo a estes baremos:

Titulación en formación profesional. Grao Superior

- Son para audiovisuais e espectáculos: 0,3 puntos.
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos: 0,3 puntos.

1.3. A persoa contratada estará sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

2. Requisitos das persoas aspirantes

2.1. Para seren admitidas no proceso de selección, as persoas aspirantes deberán





posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal, os seguintes requisitos:

2.1.1 Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.
- c) Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.
- d) Calquera que sexa a súa nacionalidade, tamén poderán participar as persoas que sexan cónxuxes de persoa española e das nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os descendentes da persoa que sexa seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- e) Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de persoas estranxeiras non incluídas nos puntos anteriores.

2.1.2 Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

2.1.3 Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.1.4 Habilitación: non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de natureza funcional, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba o caso





do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado, nin pertencer ao mesmo corpo, escala ou especialidade a cuxas probas selectivas se presenten.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- 2.1.5 Posuír a titulación académica de nivel de bacharelato, FP 2ª grao ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que demostre a súa homologación ou validación, de ser o caso.

3. Presentación das persoas aspirantes

- 3.1. De conformidade co establecido no artigo 7.5.b) do V Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia, ademais das persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego, ao que se cursará a oferta xenérica do posto obxecto desta convocatoria, todas aquelas outras persoas que desexaren tomar parte no presente proceso selectivo deberán dirixirse a esta Axencia acompañando a seguinte documentación:

- a) Solicitude, debidamente asinada, conforme o anexo II.
- b) Copia do DNI (ou calquera outro documento de identidade válido).
- c) Copia cotexada da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos nas bases, así como dos méritos alegados para seren valorados segundo o baremo da base 1.2 que se reflicte no anexo I desta convocatoria.
- d) Copia cotexada do Celga 4 ou copia cotexada do título equivalente debidamente homologado.
- e) Declaración responsable de non ter sido separado nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos.





- f) Autoavaliación dos méritos alegados segundo o anexo III.

As persoas participantes nesta convocatoria poderán presentar a súa solicitude en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta.

- 3.2. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Estas bases, así como os anexos que as acompañan, estarán dispoñibles na páxina web da Agadic (<https://industriasculturais.xunta.gal>) e no taboleiro de anuncios desta Axencia.

O prazo de presentación de solicitudes é de 07 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases na páxina web da Axencia e no seu taboleiro de anuncios.

4. Tribunal cualificador

- 4.1. A Dirección da Agadic nomeará o tribunal cualificador deste proceso conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único. A resolución deste nomeamento estará dispoñible na páxina web da Agadic.
- 4.2. O tribunal, de consideralo oportuno, poderá requirir o asesoramento de profesionais ou persoas expertas na materia obxecto do posto a cubrir. Das designacións das persoas asesoras que, de ser o caso, se efectúen darase coñecemento ao órgano convocante.





- 4.3. De acordo co apartado 4 do artigo 11 do citado V Convenio Colectivo Único, as persoas que conforman o tribunal deberanse abster de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e poderán ser recusados de acordo co artigo 29 da mencionada lei.
- 4.4. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a asistencia de, polo menos, a metade máis un dos membros. As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

5. Cualificación das persoas aspirantes

- 5.1. O tribunal analizará as solicitudes recibidas e publicará a “Relación provisional de persoas admitidas e excluídas” ao proceso de selección na web da Axencia e no seu taboleiro de anuncios, indicando a causa da exclusión. As persoas candidatas poderán formular as alegacións que consideren oportunas, nun prazo de tres días hábiles, por razón da urxencia na cobertura do posto, a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- 5.2. Transcorrido o prazo de alegacións, o tribunal procederá ao seu estudo e aprobará a lista definitiva de persoas candidatas, dando por desestimadas o resto de alegacións. O tribunal avaliará as solicitudes das persoas admitidas definitivamente, segundo aos méritos por elas alegadas, conforme ao baremo establecido nestas bases. O tribunal publicará, na páxina web da Axencia e no seu taboleiro de anuncios, a lista definitiva de persoas admitidas, por orde de prelación, segundo a puntuación provisional obtida.
- 5.3. Poderanse presentar alegacións contra a puntuación establecida provisionalmente, nun prazo de tres días hábiles, por razón da urxencia na cobertura do posto, a partir do seguinte ao da súa publicación, en calquera





dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común.

- 5.4. Transcorrido o dito prazo, o tribunal publicará, na páxina web da Axencia e no seu taboleiro de anuncios, a lista definitiva de aspirantes ao posto de traballo coa puntuación definitiva por orde de prelación de maior a menor, entendéndose desestimadas o resto das alegacións formuladas.
- 5.5. A persoa aspirante que sexa seleccionada por acadar a maior puntuación deberá presentar no prazo de tres días hábiles, desde que se faga pública a lista definitiva de aspirantes, a documentación requirida para a formalización do correspondente contrato de traballo, así como das altas en nómina e na seguridade social.
- 5.6. Se a persoa seleccionada non presentase toda a documentación requirida no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante segundo a orde de prelación da lista, quen deberá presentar, no prazo requirido, a documentación oportuna para formalizar esta contratación. Procederase desta forma, en caso de falta de documentación en prazo ou renuncia, ata que unha persoa candidata presente validamente a documentación requirida.
- 5.7. As persoas aspirantes que, cumprindo todos os requisitos, puideran ser susceptibles de ser seleccionadas, entrarán a formar parte dunha listaxe de agarda, que respectará a orde de puntuación da listaxe definitiva de avaliación, para o caso de que a persoa candidata renuncie á praza, non supere o período de proba ou outras circunstancias persoais que impliquen a vacante da mesma.

Así, a persoa titular da Dirección da Agadic, como responsable de persoal da Axencia, poderá acudir á listaxe de agarda, se o considerase oportuno ou necesario, se xurdiran





necesidades futuras para cubrir este posto (baixa voluntaria, baixa temporal prolongada ou calquera outra circunstancia).

6. De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida nestas bases, e, de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública que se publica co resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante o anterior, no suposto de menor representación do sexo feminino, se existisen méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas e nos termos establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro galega para a igualdade de mulleres e homes, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

6. Derradeira

6.1. As bases desta convocatoria, cantos actos se deriven dela e da actuación do tribunal co carácter de definitivos ou que sendo de trámite decidan sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán ser impugnados no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,

A presidenta do tribunal de selección

María A. Antón Vilasánchez

